A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

### 9.9.3.1 Criterios de avaliación

- Demostrar un control sobre a respiración, relaxación muscular e produción do son, e polo tanto, demostrar unha sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Demostrar un dominio técnico acorde co seu nivel. Con este criterio se avalía o traballo das escalas e exercicios técnicos esixidos no seu nivel, a interpretación dos estudos e obras nos que aplica a técnica estudada nos exercicios, a soltura demostrada na lectura de fragmentos a primeira vista e a interpretación de fragmentos musicais de memoria controlando os aspectos técnicos e musicais das pasaxes.
- Mostrar interese por realizar unha acertada interpretación da música que toca. Mediante este criterio se avalía a asimilación dos aspectos técnicos, o goce na práctica instrumental, a comprensión das obras que interpreta e a realización dun pequeno análise formal das mesmas.
- Interpretar en público obras representativas do seu nivel para comprobar a capacidade de auto-control e dominio das obras estudadas, ademáis de lograr un equilibrio persoal que lle permita enfrentarse con naturalidad ante o público.
- Valorar a importancia da audición musical. A través deste criterio valoramos se o alumnado escoita gravacións de obras para o seu instrumento u outro/s ou distintas agrupacións, a capacidade de que ten de realizar comentarios críticos sobre a interpretación, e se asiste con asiduidade a concertos.
- Improvisar e compoñer cadenzas para Concertos clásicos. Con este criterio se comproba se o alumno escoita e analiza cadenzas de grandes intérpretes, extraendo conclusións en canto a estilo e forma das cadenzas. Se improvisa cadenzas elementais en canto a forma e técnica, sabendo aproveitar o material temático da obra en cuestión. Se escribe as súas propias cadenzas para os Concertos do período Clásico traballados en clase, comparándoas coas doutros intérpretes ou compañeiros de clase e se interpreta as súas propias cadenzas.
- Valorar a importancia da disciplina no estudo. Con este criterio se avalía se estuda con regularidade, se leva a cabo un traballo coherente centrado en escoitarse a si mesmo e se entende a necesidade de silencio e a importancia da concentración para obter resultados no estudo diario.

### 9.9.3.2 Mínimos esixibles

- Ter conciencia do emprego do esforzo muscular e a respiración axeitados ás esixencias da interpretación musical.
- Tocar as escalas maiores e menores, proposta polo profesor con intervalos de cuarta, quinta, sexta o sétima con diferentes articulacións e con velocidade progresiva.
- Tocar 10 estudos, sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Desenvolver unha sensibilidade auditiva na afinación e no uso das diferentes posibilidades sonoras do instrumento.
- Interpretar dúas de obras de distintas épocas e estilos acordes ao nivel do curso, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

### 9.9.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

#### Procedementos:

- Realización de reunións coas nais/pais ou titores do alumnado
- Observación individual da aprendizaxe mostrada nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.
- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grao de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición do traballo realizado mediante a realización de tres audicións públicas ao longo do curso.

#### Ferramentas:

- Caderno de aula (onde queda recollida a información e valoración do traballo diario, a actitude e o comportamento).
- A proba técnica (reflexada no caderno de aula e/ou ficha da proba).
- A audición (poderase utilizar gravacións de audio ou vídeo como complemento).

### 9.9.3.4 Criterios de cualificación

- Mostrar unha capacidade de aprendizaxe progresiva individual a través do traballo diario (65% da cualificación).
- Executar exercicios técnicos, estudos e/ou escalas nunha proba técnica (20% da cualificación).
- Interpretar unha obra nunha audición pública (10% da cualificación).
- Realizar lectura a primeira vista na aula e/ou nunha proba específica (5% da cualificación).

<b>Medios e instrumentos</b>	<b>Rexistro</b>	<b>Criterio de cualificación:</b>
		<b>Porcentaxe</b>
A.- Traballo diario na aula (actitude, traballo e asistencia).	Diario de aula	65%
B.- Proba técnica: Escalas e/ou estudos	Diario de aula Ficha da proba	20%
C.- Audición pública	Diario de aula	10%

D.- Lectura a primeira vista Diario de aula 5%

Cando os apartados B ou C non se leven a cabo por causa xustificada (necesario aportar xustificante por escrito), a cualificación final cambiará de proporcións, e o traballo diario na aula verá aumentada a súa porcentaxe no resultado de sumar ao seu 50% a cantidade do apartado no que o alumno/a non asistiu.

O resultado do proceso de cualificación de cada avaliación expresarase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, de valor informativo nos dous primeiros trimestres, dado que o proceso de avaliación é continuo, e de carácter final no terceiro trimestre.

#### **9.9.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

- Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula. Isto realizarase mediante unha proba na clase de instrumento, a cal constará dunha demostración de ter acadados os mínimos esixibles do curso ao que se quere avanzar.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. A proba será calificada polo titor/a do alumno/a e, en caso de ser positiva, remitirase á xefatura de estudos un informe coa cualificación numérica xeral do curso xunto cos informes dos profesores/as do resto das materias do curso en cuestión (os cales poderán facer tamén ao alumno/a as probas que consideren necesarias), dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso. Todos estes informes, enviaranse ao Consello Escolar o cal determinará se a ampliación é positiva. No caso de facerse efectiva a ampliación, o alumno/a incorporarse ao novo curso despois do primeiro trimestre, e as cualificacións obtidas nestas probas extraordinarias serán as que figuren na cualificación final do curso en Xuño.

#### **9.9.5 Medidas de recuperación**

Ante un alumno/a que supere o número máximo de faltas permitidas polo centro para cada trimestre ou curso, e perda con isto o dereito á avaliación continua, o departamento de vento madeira elaborou unha serie de directrices a seguir para a súa avaliación:

- O alumno/a deberá realizar unha proba, que terá lugar entre dez días e unha semana antes da sesión de avaliación correspondente.
- Esta proba será realizada polo titor/a do alumno/a e, no caso que este/a o considere oportuno, ante unha comisión avaliadora formada por membros do departamento de vento madeira elixidos polo xefe/a de departamento.
- O alumno/a deberá acudir á proba co total da programación secuenciada para o trimestre en cuestión ou para a totalidade do curso se é o caso, ou ben co material que lle indicou o seu titor/a.
- O titor/a ou a comisión avaliadora decidirá no momento da proba que obras, estudos e/ou exercicios interpretará o alumno/a.

##### **9.9.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios**

Contido da proba:

- Escala de tonalidade (en relación aos contidos do curso).
- Escala de cuartas (en relación aos contidos do curso).
- Arpexios (en relación aos contidos do curso).
- Dous estudos (de entre os programados no curso e a elección do titor/a ou tribunal).
- Dúas obras (unha a elección do alumno/a).

O resultado do proceso de cualificación da proba expresarase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5.

#### **9.9.5.2 Probas extraordinarias**

Contido da proba:

- Escala de tonalidade (en relación aos contidos do curso).
- Escala de cuartas (en relación aos contidos do curso).
- Arpexios (en relación aos contidos do curso).
- Dous estudos (de entre os programados no curso e a elección do titor/a ou tribunal).
- Dúas obras (unha a elección do alumno/a).

Para obter unha información máis concreta sobre o contido da proba, o alumno/a terá que remitirse ao informe de materia non superada que o titor/a lle entregará no mes de xuño, no cal explicaráse a cada alumno/a a súa situación particular (materia pendente, obxectivos non acadados, etc.).

O resultado do proceso de cualificación da proba expresarase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5.

#### **9.9.6 Recursos didácticos**

##### **Métodos:**

Les gammes de J.M.Londeix.  
 Estudios Variados de Marcel Mule.  
 Nuevos estudios variados de J. M. Londeix (Leduc).  
 High tones de E. Rousseau.  
 20 Estudios (Vol.II) de F. Capelle.  
 53 Estudios (vol.II) de Marcel Mule.  
 Patterns for jazz de J. Coker (Studio).

##### **Obras:**

Ballade (Eb) de H. Tomasi (Leduc).  
 Concierto (Eb) de A. Glazounov (Leduc).  
 Serenade (Eb) de J. Demersseman.  
 Scaramouche de D. Milhaud (Salabert).  
 Sonata ( Eb ) de Paul Creston.  
 Tango et Tarentelle (Eb) de M. Dautremer.  
 Variaciones sobre el Can del Ocells (Eb) de J. Durán.  
 Fantasía (Bb) de H. Villalobos (Leduc).  
 Solo de concurso (Bb) de M. Yuste.  
 Concertino (Bb) de Paul Harvey.  
 Premier solo (Bb) de J. Demersseman.  
 Sonata (Bb) de Leon Stein.



Esta lista de obras é só orientativa do nivel do curso, e o profesor poderá elixir para o alumno/a obras de entre as propostas ou ben outras de nivel similar, dependendo das necesidades do alumno. En todo caso, deberán traballarse polo menos dúas obras durante o curso.

## **9.10 Curso: 6º de grao profesional**

### **9.10.1 Obxectivos**

- Demostrar a sensibilidade auditiva e musical necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora e que lle permitirá comprender e interpretar a música e gozala.
- Desenvolver a calidade sonora na interpretación de exercicios técnicos, estudos e obras, conseguindo unha correcta emisión e afinación.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel e coñecer as súas partes para unha mellor interpretación.
- Traballar a lectura a primeira vista para favorecer o posterior traballo de partituras máis complexas.
- Practicar a memorización de distintos fragmentos musicais.
- Tomar conciencia da importancia que ten escoitar música (para o seu instrumento ou outro/s instrumentos ou agrupacións) e asistir a concertos como un medio que lle achegará a unha mellor coñecemento e comprensión daquilo que interpreta.
- Valorar a interpretación propia e doutros compañeiros desenvolvendo a capacidade de aceptación e crítica no proceso de aprendizaxe e no resultado final.
- Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media.
- Adquirir un hábito de estudo que permita o avance e mellora na práctica instrumental.
- Aprender os rudimentos básicos que permitan a improvisación e composición de cadenzas nos Concertos clásicos.

### **9.10.2 Contidos**

- Realización de exercicios de son e respiración que axuden a perfeccionar a calidade sonora e a columna de aire.
- Estudo das escalas maiores e menores, arpexios e intervalos de cuartas, quintas, sextas, septimas e oitavas en todas as tonalidades.
- Perfeccionamento do vibrato e o seu uso na interpretación de obras e o traballo técnico habitual.
- Perfeccionamento e práctica do dobre picado.
- Interpretación de fragmentos a primeira vista e de memoria.
- Interpretación de doce estudos adecuados ao nivel.
- Adquisición dunha técnica instrumental que lle permita abordar con eficacia estudos e obras de dificultade adecuada ao nivel.



- Interpretación de tres obras de distintas épocas e estilos, que incidan no desenvolvemento da sensibilidade auditiva e de criterios estéticos.

-Improvisación e composición de cadenzas para concertos clásicos.

-Adquisición dunha disciplina no estudo, valorando a concentración e o silencio como elementos fundamentais.

-Realización de escoitas comentadas e asistencia a concertos.

### **9.10.3 Avaliación**

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

#### **9.10.3.1 Criterios de avaliación**

-Demostrar un control sobre a respiración, relaxación muscular e produción do son, e polo tanto, demostrar unha sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.

-Demostrar un dominio técnico acorde co seu nivel. Con este criterio se avalía o traballo das escalas e exercicios técnicos esixidos no seu nivel, a interpretación dos estudos e obras nos que aplica a técnica estudada nos exercicios, a soltura demostrada na lectura de fragmentos a primeira vista e a interpretación de fragmentos musicais de memoria controlando os aspectos técnicos e musicais das pasaxes.

-Mostrar interese por realizar unha acertada interpretación da música que toca. Mediante este criterio se avalía a asimilación dos aspectos técnicos, o goce na práctica instrumental, a comprensión das obras que interpreta e a realización dun pequeno análise formal das mesmas.

-Interpretar en público obras representativas do seu nivel para comprobar a capacidade de autocontrol e dominio das obras estudadas, ademais de lograr un equilibrio persoal que lle permita enfrentarse con naturalidad ante o público.

-Valorar a importancia da audición musical. A través deste criterio valoramos se o alumnado escoita gravacións de obras para o seu instrumento u outro/s ou distintas agrupacións, a capacidade que ten de realizar comentarios críticos sobre a interpretación, e se asiste con asiduidade a concertos.

-Improvisar e compoñer cadenzas para Concertos clásicos. Con este criterio se comproba se o alumno escoita e analiza cadenzas de grandes intérpretes, extraendo conclusións en canto a estilo e forma das cadenzas. Se improvisa cadenzas elementais en canto a forma e técnica, sabendo aproveitar o material temático da obra en cuestión. Se escribe as súas propias cadenzas para os

Concertos do período Clásico traballados en clase, comparándoas coas doutros intérpretes ou compañeiros de clase e se interpreta as súas propias cadenzas.

-Valorar a importancia da disciplina no estudo. Con este criterio se avalía se estuda con regularidade, se leva a cabo un traballo coherente centrado en escoitarse a si mesmo e se entende a necesidade de silencio e a importancia da concentración para obter resultados no estudo diario.

### 9.10.3.2 Mínimos esixibles

-Ter conciencia do emprego do esforzo muscular e a respiración axeitados ás esixencias da interpretación musical.

-Tocar as escalas maiores e menores, con intervalos de quinta, sexta, sétima e oitavas con diferentes articulacións e con velocidade progresiva.

-Tocar 10 estudos, sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

-Desarrollar unha sensibilidade auditiva na afinación e no uso das diferentes posibilidades sonoras do instrumento.

-Interpretar dúas de obras de distintas épocas e estilos acordes ao nivel do curso, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

### 9.10.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

#### Procedementos:

-Realización de reunións coas nais/pais ou tutores do alumnado.

-Observación individual da aprendizaxe mostrada nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.

-Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.

-Observación do grao de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

-Exposición do traballo realizado mediante a realización de tres audicións públicas ao longo do curso.

#### Ferramentas:

-Caderno de aula (onde queda recollida a información e valoración do traballo diario, a actitude e o comportamento).

-A proba técnica (reflexada no caderno de aula e/ou ficha da proba).

-A audición (poderase utilizar gravacións de audio ou vídeo como complemento).

### 9.10.3.4 Criterios de cualificación

- Mostrar unha capacidade de aprendizaxe progresiva individual a través do traballo diario (65% da cualificación).

- Executar exercicios técnicos, estudos e/ou escalas nunha proba técnica (20% da cualificación).

- Interpretar unha obra nunha audición pública (10% da cualificación).

-Realizar lectura a primeira vista na aula e/ou nunha proba específica (5% da cualificación).

**Medios e instrumentos**

**Rexistro**

**Criterio de cualifica-**

		<b>ción:</b> <b>Porcentaxe</b>
A.- Traballo diario na aula (actitude, traballo e asistencia).	Diario de aula	65%
B.- Proba técnica: Escalas e/ou estudos	Diario de aula Ficha da proba	20%
C.- Audición pública	Diario de aula	10%
D.- Lectura a primeira vista	Diario de aula	5%

Cando os apartados B ou C non se leven a cabo por causa xustificada (necesario aportar xustificante por escrito), a cualificación final cambiará de proporcións, e o traballo diario na aula verá aumentada a súa porcentaxe no resultado de sumar ao seu 50% a cantidade do apartado no que o alumno/a non asistiu.

O resultado do proceso de cualificación de cada avaliación expresarase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, de valor informativo nos dous primeiros trimestres, dado que o proceso de avaliación é continuo, e de carácter final no terceiro trimestre.

#### **9.10.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

-Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula. Isto realizarase mediante unha proba na clase de instrumento, a cal constará dunha demostración de ter acadados os mínimos esixibles do curso ao que se quere avanzar.

-Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. A proba será calificada polo titor/a do alumno/a e, en caso de ser positiva, remitirase á xefatura de estudos un informe coa cualificación numérica xeral do curso xunto cos informes dos profesores/as do resto das materias do curso en cuestión (os cales poderán facer tamén ao alumno/a as probas que consideren necesarias), dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso. Todos estes informes, enviaranse ao Consello Escolar o cal determinará se a ampliación é positiva. No caso de facerse efectiva a ampliación, o alumno/a incorporarase ao novo curso despois do primeiro trimestre, e as cualificacións obtidas nestas probas extraordinarias serán as que figuren na cualificación final do curso en Xuño.

#### **9.10.5 Medidas de recuperación**

Ante un alumno/a que supere o número máximo de faltas permitidas polo centro para cada trimestre ou curso, e perda con isto o dereito á avaliación continua, o departamento de vento madeira elaborou unha serie de directrices a seguir para a súa avaliación:

-O alumno/a deberá realizar unha proba, que terá lugar entre dez días e unha semana antes da sesión de avaliación correspondente.

-Esta proba será realizada polo titor/a do alumno/a e, no caso que este/a o considere oportuno, ante unha comisión avaliadora formada por membros do departamento de vento madeira elixidos polo xefe/a de departamento.

-O alumno/a deberá acudir á proba co total da programación secuenciada para o trimestre en cuestión ou para a totalidade do curso se é o caso, ou ben co material que lle indicou o seu titor/a.

-O titor/a ou a comisión avaliadora decidirá no momento da proba que obras, estudos e/ou exercicios interpretará o alumno/a.

### 9.10.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Contido da proba:

- Escala de tonalidade (en relación aos contidos do curso).
- Escala de cuartas (en relación aos contidos do curso).
- Arpexios (en relación aos contidos do curso).
- Dous estudos (de entre os programados no curso e a elección do titor/a ou tribunal).
- Dúas obras (unha a elección do alumno/a).

O resultado do proceso de cualificación da proba expresarase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5.

### 9.10.5.2 Probas extraordinarias

Contido da proba:

- Escala de tonalidade (en relación aos contidos do curso).
- Escala de cuartas (en relación aos contidos do curso).
- Arpexios (en relación aos contidos do curso).
- Dous estudos (de entre os programados no curso e a elección do titor/a ou tribunal).
- Dúas obras (unha a elección do alumno/a).

Para obter unha información máis concreta sobre o contido da proba, o alumno/a terá que remitirse ao informe de materia non superada que o titor/a lle entregará no mes de xuño, no cal explicaráse a cada alumno/a a súa situación particular (materia pendente, obxectivos non acadados, etc.).

O resultado do proceso de cualificación da proba expresarase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5.

### 9.10.6 Recursos didácticos

#### Métodos:

- Les gammes de J.M.Londeix.
- Estudios Variados de Marcel Mule.
- Nuevos estudios variados de J. M. Londeix (Leduc).
- High tones de E. Rousseau.
- 53 Estudios (vol.III) de Marcel Mule.
- Escole moderne du saxophone de M. Dedruck et Breilh.
- 28 Estudios capricho de A. Ventas.
- Patterns for jazz de J. Coker (Studio).

#### Obras:

- Concierto (Eb) de A. Glazounov (Leduc).
- Sonatina (Eb) de C. Pascale.
- Scaramouche (Eb) de D. Milhaud (Salabert).
- Concertino (Eb) de E. Bozza.
- Concertino (Eb) de J. Durán.
- Concertino da camara (Eb) de J. Ibert.

Concerto (Eb) de P. M Dubois.

Concertino (Bb) de Paul Harvey.

Arioso and danza (Bb) de Walter Skolnik.

Estudio de concierto de J. Menéndez.

Fantasía op. 630 (Bb) de H. Villalobos.

Esta lista de obras é só orientativa do nivel do curso, e o profesor poderá elixir para o alumno obras de entre as propostas ou ben outras de nivel similar, dependendo das necesidades do alumno. En todo caso, deberán traballarse polo menos dúas obras durante o curso.

## 10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que “[...]a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa[...]”, este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Saxofón para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos
- **alumnado:** A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

## **11. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

---

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

## 12. ANEXOS

---

### 12.1

#### Probas de acceso 1º de grao profesional

Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro. DOG do 31 de Outubro de 2007  
Artigo 11º.

Para acceder ao primeiro curso das ensinanzas profesionais de música cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madurez, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, de acordo cos obxectivos establecidos neste decreto.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de acceso ao primeiro curso, que se axustará a proba de saxofón no disposto nos puntos seguintes.

Para a especialidade de saxofón a devandita proba consistirá na Interpretación, no instrumento da especialidade que opte de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá

interpretarse de memoria e acompañada de piano se esta o require. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70%.

#### 12.1.1

##### Contidos

- Consolidación dos aspectos traballados con anterioridade para a realización da proba.
- Interpretar con hábitos correctos e construtivos acordes co nivel do curso ó que se accede.
- Desenvolvemento da capacidade auditiva enfocada cara á proxección do son.
- Posuir unha técnica respiratoria co instrumento, buscando prioritariamente a relaxación e o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Posuir unha constante memoria musical na interpretación da obra interpretada.
- Que se posúa unha técnica limpa de dixitación, son, picado, articulación e afinación na interpretación das obras acordes co nivel esixido.
- Posuir unha posición corporal correcta e cómoda á hora de interpretar e movementos acordes coa interpretación da obra e co acompañante ou acompañantes.
- Interpretar cumprindo correctamente as esixencias escritas na obra como matices, velocidade, picados e ligaduras, tempos, compases, etc.
- Ter musicalidade na interpretación e unha actitude positiva hacia a mesma.
- Interpretar 3 obras de acordo cos criterios de Interpretación acordes ao nivel do alumno/a.
- Que unha desas tres obras sexa interpretada de memoria na súa totalidade.
- Interpretar un programa que presente obras de diferentes épocas e/ou estilos cunha dificultade acorde ao nivel.



### 12.1.2

#### Criterios de avaliación

- Percibir na interpretación se cumpren correctamente as esixencias escritas na obra como matices, velocidade, picados e ligaduras, tempos, compases, etc.
- Que se perciba a consolidación dos aspectos traballados con anterioridade para a realización da proba.
- Que se perciba hábitos de interpretación correctos e construtivos acordes co nivel do curso ó que se accede.
- Percibir desenvolvemento da capacidade auditiva enfocada cara á proxección do son.
- Que se perciba unha técnica respiratoria co instrumento, buscando prioritariamente a relaxación e o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Que se perciba unha constante memoria musical na interpretación do total da obra interpretada.
- Que se perciba unha técnica limpa de dicitación, son, picado, articulación e afinación na interpretación das obras acordes co nivel esixido.
- Que se perciba na interpretación que se cumpren correctamente as esixencias escritas na obra como matices, velocidade, picados e ligaduras, tempos, compases, etc.
- Percibir un certo grao de musicalidade na interpretación e unha actitude positiva hacia a mesma.

### 12.1.3

#### Criterios de cualificación

Atenderanse aos parámetros marcados na folla de calibración.

Serán cualificados con un 9 ou un 10 os alumnos que superen de xeito sobresaínte os obxectivos fixados para esta proba.

Serán cualificados cun 7 ou 8 os alumnos que superen de xeito notable os obxectivos fixados para esta proba.

Serán cualificados cun 6 os alumnos que superen os obxectivos mínimos e manifesten una actitude positiva cara a proba.

Serán cualificados cun 5 os alumnos que simplemente superen os obxectivos mínimos.

Serán cualificados con menos dun 5 os alumnos que non acadaran os obxectivos mínimos, dependendo a cualificación dos criterios de avaliación referidos á actitude ante a proba.

O acompañamento de piano nas obras que así o requiran será obrigatorio e por conta do alumno.

#### Obras orientativas:

Aria (mib) de E. Bozza (Leduc).

Poemes (mib) de O. Stobl (Doblinger).

Humoresque (mib) de H. Loche (Billaudot).

Sonata (mib) de G. P. Telemann (Leduc).

Céline Mandarine de A. Crepin ( Ed. H. Lemoine)

Chanson et Passepied de J. Rueff (Leduc).  
Suite Romantique de R. Planel (Leduc).  
Croquembouches de C. Delvincourt (Leduc).  
Saxetto de A. Weber.  
Dance (mib) de D. Milhaud.  
Sarabande et Allegro (mib) de G. Grovlez.  
Sonate nº1 (sib) de G. F. Haendel.  
Concertino nº26 (sib) de J. Porret.  
Allegro Spiritoso (sib) de J. B. Senalle.  
Piezas Breves (sib) de R. Mignión (Billaudot).  
4º Solo de concurso (sib) de L. B. Singele (Roncorp).  
Sonata (sib) de G. Anderson (Southern).  
Poema (sib) de W, Hartley (Tenuto).  
Serenata (sib) de J. Strimer (Leduc).  
Sonata en sol m (sib) de G. F. Haendel (Leduc).  
Sonata .(mib) de G.P.Telemann (Leduc)

## 12.2

### Probas de acceso a outros cursos.

A proba consistirá:

Para o grao elemental, na interpretación no instrumento da especialidade á que se opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal que contará o 60% da nota total das probas.

Para o grao profesional, na interpretación de tres obras de diferentes estilos (unha delas de memoria). Das obras que conteñan máis dun movemento será requirida a interpretación de todos eles.

Como orientación das obras a interpretar servirá o listado de obras (de esta programación) do curso anterior ao cal se pretenda acceder. Esta proba puntua un 70% do total.

Contidos

Os contidos serán os rexistrados na programación propios do curso anterior ao que se pretenda acceder.

### 12.2.2

#### Criterios de avaliación

- Percibir na interpretación se cumpren correctamente as esixencias escritas na obra como matices, velocidade, picados e ligaduras, tempos, compases, etc.
- Que se perciba a consolidación dos aspectos traballados con anterioridade para a realización da proba.
- Que se perciba hábitos de interpretación correctos e construtivos acordes co nivel do curso ó que se accede.

- Percibir desenvolvemento da capacidade auditiva enfocada cara á proxección do son.
- Que se perciba unha técnica respiratoria co instrumento, buscando prioritariamente a relaxación e o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Que se perciba unha constante memoria musical na interpretación do total da obra interpretada.
- Que se perciba unha técnica limpa de dixitación, son, picado, articulación e afinación na interpretación das obras acordes co nivel esixido.
- Que se perciba na interpretación que se cumpren correctamente as esixencias escritas na obra como matices, velocidade, picados e ligaduras, tempos, compases, etc.
- Percibir un certo grao de musicalidade na interpretación e unha actitude positiva hacia a mesma.

### 12.2.3

#### Criterios de cualificación

Atenderanse aos parámetros marcados na folla de calibración.

Serán cualificados con un 9 ou un 10 os alumnos que superen de xeito sobresaínte os obxectivos fixados para esta proba.

Serán cualificados cun 7 ou 8 os alumnos que superen de xeito notable os obxectivos fixados para esta proba.

Serán cualificados cun 6 os alumnos que superen os obxectivos mínimos e manifesten una actitude positiva cara a proba.

Serán cualificados cun 5 os alumnos que simplemente superen os obxectivos mínimos.

Serán cualificados cun 4 os alumnos que non acadaran os obxectivos mínimos.

Serán cualificados cun 3, 2 ou 1 aqueles alumnos que claramente non acadaran os obxectivos mínimos, dependendo a cualificación dos criterios de avaliación referidos á actitude ante a proba.

### 12.3

#### Premios Fin de Grao

Segundo consta na lexislación vixente, os departamentos didácticos establecerán os criterios valorativos para a obtención do premio de fin de grao profesional.

#### 12.3.1

##### Contidos da proba

Presentación por parte dos aspirantes dun programa cunha duración comprendida entre os 15 e os 30 minutos, sendo 15 minutos a duración mínima para a proba.

Inclusión dunha serie de obras que representen estilos diferentes.

Elaboración, por parte do aspirante, e posterior entrega na secretaría do das notas ao programa elaboradas por el/a mesmo/a, cando menos con tres días de antelación á celebración da proba, non recolléndose ningunha fóra de prazo sen a debida xustificación, que será atendida a criterio da Dirección do Centro.

### 12.3.3

#### Criterios de cualificación

Atenderanse aos parámetros marcados na folla de calibración.

Serán cualificados con un 9 ou un 10 os alumnos que superen de xeito sobresaínte os obxectivos fixados para esta proba.

Serán cualificados cun 7 ou 8 os alumnos que superen de xeito notable os obxectivos fixados para esta proba.

Serán cualificados cun 6 os alumnos que superen os obxectivos mínimos e manifesten una actitude positiva cara a proba.

Serán cualificados cun 5 os alumnos que simplemente superen os obxectivos mínimos.

Serán cualificados cun 4 os alumnos que non acadaran os obxectivos mínimos.

Serán cualificados cun 3, 2 ou 1 aqueles alumnos que claramente non acadaran os obxectivos mínimos, dependendo a cualificación dos criterios de avaliación referidos á actitude ante a proba.

#### 12.1.1 Criterios de avaliación

Realizar unha interpretación musical de calidade acorde ás esixencias da proba.

Presentar un programa coherente en relación aos contidos expostos.

Interpretar un programa que presente obras de diferentes épocas e/ou estilos cunha dificultade acorde ao nivel. Desenvolver a calidade sonora, auditiva e musical na interpretación do repertorio conseguindo unha correcta emisión e afinación.

Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel e coñecer de forma elemental as súas partes para unha mellor interpretación.

Conseguir a memorización dunha obra e interpretala sen partitura.

## Folla de calibración para audicións e/ou probas instrumentais.

Indicador	Porcentaxe	Nota
Actitude	5 %	
Adecuación á partitura	25 %	
Afinación	10 %	
Calidade de son	10 %	
Habito postural e respiración	10 %	
Interpretación	25 %	
Tempo	15 %	
TOTAL	100%	

## Folla de calibración para primeira vista.

Indicador	Porcentaxe	Nota
Articulación	5 %	
Actitude	5 %	
Afinación	5 %	
Calidade de son	5 %	
Habito postural e respiración	5 %	
Parábola	5 %	
TOTAL	30%	

## Folla de calibración para esc

Indicador	Porcentaxe	Nota
Actitude	10 %	
Adecuación á partitura	30 %	
Afinación	10 %	
Calidade de son	10 %	
Habito postural e respiración	10 %	
Interpretación	30 %	
TOTAL		



